

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

PREMIO DA CRÍTICA

Chus Pato e Marcos Calveiro, os mellores para os críticos

A AELG propuxo 'Hordas de Escritura' e 'Festina Lente' como candidatos galegos en poesía e narrativa. Serán refrendados o sábado 18 en Santander.

Redacción - 18:30 13/04/2009

A Asociación Española de Críticos Literarios anunciará o sábado 18 en Santander os Premios da Crítica correspondentes ao ano 2008. A proposta da [Asociación de Escritores en Lingua Galega](#) (AELG), que debe ser refrendada polos seus colegas de todo o Estado, foi anunciada este luns: *Hordas de Escritura* de [Chus Pato](#) en poesía, e *Festina Lente* de [Marcos S. Calveiro](#) en narrativa.

No libro de Chus Pato os críticos valoraron a súa orixinalidade, a mestura de xéneros e a solidez dun discurso iniciado en *m-Talá* e *Charentón*, e previamente noutra media ducia de poemarios. O obra de Marcos Calveiro destacou no último ano polo xeito en que o autor vigués se adentrou no xénero da novela histórica cunha novela que fala en boa medida sobre a propia cultura escrita.

Os premios da crítica [recoñecen un poemario](#) e unha [obra de narrativa en galego](#) dende que en 1976 se fixesen con eles Celso Emilio Ferreiro e Carlos Casares. Nos seus máis de trinta anos de traxectoria o galardón recaeu no máis destacado dos autores galegos e na súa edición anterior, os premios foron para o *Vigo* de Helena de Carlos e para *O señor Lugrís e a negra sombra* de Luís Rei.